



PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLES CRITERIOS DE VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA DE "ACOMETIDAS DOMICILIARIAS NA REDE XERAL DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE Á PARROQUIA DE PONTE DO PORTO.

Artigo 1.- OBXECTO.

1. O Presente Prego, que se configura como a auténtica lei do contrato, ten por obxecto establecer as cláusulas económicas e administrativas que rexerán na contratación das obras incluídas no Proxecto "Acometidas domiciliarias na rede xeral de distribución de auga potable na parroquia de Ponte do Porto" en Camariñas, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Juan Carlos Canosa Marcote, cos documento indicados no artigo 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e nos artigos 2, 9 e 10 do Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea un Fondo Estatal para o emprego e a sustentabilidade local. O conxunto de documentos que compoñen o Proxecto (prescricións técnicas, memoria, planos, programa de traballo e cadro de prezos entre outros) considérase que forman parte integrante deste Prego, tendo carácter contractual. No caso de discrepancias entre as prescricións técnicas e as cláusulas económico-administrativas, prevalecerán estas últimas.

O Réxime xurídico do contrato rexeráse, ademais de por este Prego, pola seguinte normativa:

- Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local (en adiante RD-Lei 13/09).

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante L.C.S.P.).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das AAPP (en adiante RXLCAP), no que non se opoña a Lei 30/2007.

- Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de 2 de novembro de 2009.

Artigo 2.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE ESTA CONTRATACIÓN.

Mediante a execución do contrato ao que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares se satisface a seguinte necesidade: dar auga potable en condicións de eficacia (presión, caudal, etc.) e salubridade, mediante a construción das acometidas domiciliarias dende a nova rede xeral de abastecemento. Consisten nunha primeira fase, na demolición das pavimentacións existentes, nunha segunda fase se procederá á construción da acometida ata ás vivendas e nunha última fase se procederá á reposición do tipo de pavimento existente.

Artigo 3.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

1. O orzamento base da licitación ascende á cantidade de tres centos corenta e nove mil catrocentos trinta e tres euros con noventa e seis céntimos (349.433,96 €).

2. Da cantidade anterior corresponden en concepto de IVE corenta e oito mil cento noventa e sete euros con setenta e nove céntimos (48.197,79 €).



3. No prezo ofertado entenderanse incluídos os gastos xerais, o beneficio industrial, o IVE, todo xénero de gastos e cantos tributos graven a actividade da empresa licitadora.

4. Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 75.2 da L.C.S.P. e modelo de oferta económica do presente prego.

5. As obrigas económicas do contrato que se derivan para a Administración serán financiadas con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local creado polo R.D. Lei 13/09 (BOE núm. 259 de data 27/10/2009).

6. O pagamento das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato aboarase nunha única anualidade correspondente ao ano 2010.

Artigo 4.- REVISIÓN DE PREZOS.

Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

Artigo 5.- DURACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DA EXECUCIÓN.

1. A duración do contrato fíxase desde a data da notificación da adxudicación das obras ao concorrente que resulte adxudicatario, ata a devolución da fianza definitiva que se constituíra.

2. Establécese o día seguinte ao da formalización da acta de comprobación do trazado de planta prevo das obras, como data na que se iniciará o prazo de execución, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida fixar unha data concreta distinta no acordo de adxudicación.

3. Conforme ao expresado no Proxecto Técnico establécese un prazo total de execución das obras de seis (6) meses, que se computará conforme ao expresado no parágrafo anterior; debendo rematarse a execución en todo caso antes do día 01/01/2011 e debendo cumprirse en todo caso o sinalado no artigo 7.1 do RD-Lei 13/2009.

4. O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Artigo 6.- EXECUCIÓN MATERIAL DO OBXECTO DO CONTRATO.

1. A execución material do obxecto do contrato consistirá en executar as obras ás que se refire con estrita suxeición ao proxecto que as define, no seu caso, con arranxo ás melloras que ofertaran os licitadores aceptadas polo órgano contratante, de acordo co estipulado no presente prego de cláusulas e conseguinte contrato, conforme ás instrucións que o director técnico das obras dea ao contratista adxudicatario, estando este obrigado ao seu cumprimento e, se ditas instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito no prazo máis breve posible, para que sexan vinculantes para as partes.

2. A administración contratante poderá sempre inspeccionar as obras por medio dos seus propios técnicos ou designando outros ao efecto.

Artigo 7.- CAPACIDADE PARA PARTICIPAR NA CONTRATACIÓN.

1. Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, por sí ou por medio de representantes, que posúan as condicións de aptitude



previstas no artigo 43 da L.C.S.P., ou nos artigos 44 e 47, segundo a súa nacionalidade. Respecto ás persoas xurídicas deberá de considerarse o sinalado no artigo 46.1 da L.C.S.P., en canto á vinculación do seu obxecto social coa prestación obxecto do contrato. Así mesmo, deberán de terse en conta as condicións especiais de compatibilidade do artigo 45 da L.C.S.P.

2. A Administración poderá contratar con unións temporais de empresas (UTE) que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación provisional do contrato ao seu favor, caso no que disporán de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación de tal adxudicación. Deberá de considerarse o sinalado polos artigos 48 da L.C.S.P. e 24 do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3. As empresas ou empresarios non deberán atoparse incursos en ningunha das prohibicións que se enumeran no artigo 49 da L.C.S.P. Expresamente lémbrese a obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas sociais e tributarias, incluídas as propias do Concello de Camariñas.

4. Así mesmo, lémbrese que para tomar parte neste procedemento contractual, no se puido ter participado na elaboración do proxecto de obras ou noutros documentos preparatorios do contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Artigo 8. - CLASIFICACIÓN ESIXIBLE.

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co establecido na Disposición Adicional 6ª do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, modificadora da L.C.S.P., así como no artigo 54 da L.C.S.P., non será esixible a clasificación do contratista.

Artigo 9. - PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración mediante tramitación urxente, á que se refiren os artigos 96 e 28 da L.C.S.P. a efectos de redución de prazos, así como o artigo 17 do RD-Lei 13/2009.

Artigo 10. - GARANTÍAS ESIXIBLES.

1. Provisional: Consonte ao artigo 91 da L.C.S.P. e considerando as circunstancias concorrentes, os licitadores deberán presentar unha garantía provisional por importe do 3 por 100 do orzamento de licitación, excluído o IVE.

2. Definitiva: Consonte ao artigo 83 da L.C.S.P. o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5 por 100 do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE.

3. As anteriores garantías poderán prestarse nalgunha das formas especificadas no artigo 84 da L.C.S.P.

Artigo 11 ANUNCIO E PERFIL DO CONTRATANTE.

1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso a través da páxina web municipal www.camarinas.net.

2. De acordo co estipulado no artigo 126 da L.C.S.P. publicarase o anuncio da licitación no B.O.P e no perfil do contratante.



Artigo 12.- GASTOS DE PUBLICIDADE.

1. Serán por conta do adxudicatario os gastos de publicidade derivados do expediente de Contratación.
2. No caso de renuncia ou desistimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que teñan incorrido con arranxo a LCSP e demais normativa aplicable.

Artigo 13.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. LUGAR, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

A presentación de proposicións e documentación axustarase ás seguintes regras:

1. Lugar e prazo: as ofertas para concorrer á contratación que regula este prego presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Camariñas, entre as 9:00 e as 14:00 horas, en días hábiles (sábados en horario de 10:00 a 13:00 horas) no prazo de **TRECE DÍAS NATURAIS**, contándose a partir do primeiro día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio de licitación (BOP ou perfil do contratante). As ofertas poderán tamén presentarse por correo en idéntico prazo e condicións. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama ou telefax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo de presentación de ofertas. Transcorridos, emporiso, cinco días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso. Se o último día do prazo que se establece coincide con domingo ou festivo, automaticamente entenderase que o último día do prazo cumprírase ao inmediato día hábil posterior.

2) Formalidades: As proposicións para a licitación presentaranse en sobres pechados, identificadas, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

As proposicións por medio das que se conorra á contratación convocada presentaranse en dous sobres (A e B), figurando na parte exterior en caracteres lexibles o nome ou razón social do licitador, dirección postal, número de teléfono, Fax e dirección de correo electrónico -todo elo aos efectos de notificacións- e a expresión **CONTRATAÇÃO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA EXECUCIÓN DA OBRA TÍTULO "....."**.

SOBRE A) Subtitulado "DOCUMENTACIÓN XERAL", que deberá axustarse ao sinalado no artigo 130 da L.C.S.P., e no que se introducirán os seguintes documentos:

- Índice de documentos.

- Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios que sexan persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se regule, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou



certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia auténtica do DNI do/s apoderado/s.

- Documento de compromiso de constituír una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresárase a persoa a quen designan representante da U.T.E. diante da Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles lle corresponda na UTE.

- Documento constitutivo da garantía provisional ou resguardo acreditativo da súa constitución.

- Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impoñidas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario que resulte adxudicatario.

- Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras: As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

- Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretenda contar para a adxudicación coa preferencia regulada na Disposición Adicional 6ª da L.C.S.P., deberán achegar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100, ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación ao que se refire a Disposición Adicional 6ª referida.

- Documento acreditativo da Alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe ou epígrafes correspondentes ás prestacións obxecto do contrato e unha declaración responsable firmada polo contratista indicando non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de ter obriga a empresa de tributar por este imposto, copia auténtica do pago do último recibo do mesmo; en caso contrario, declaración xurada de non estar obrigado ao pago deste imposto. Sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario que resulte adxudicatario.

- Certificado de inscrición no REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS previsto no artigo 3 do Real Decreto 1109/2007 que desenvolve a Lei 30/2006 de Subcontratación no Sector da



Construción (que no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia se crea pola Orde 15/05/2008 da Consellería de Traballo (DOG número 98 de 22/05/2008) nos termos previstos na cláusula 30 do presente prego.

- Acreditación da solvencia.

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse, por un ou varios dos medios seguintes:

Solvencia financeira:

Deberá acreditarse necesariamente polos seguintes medios:

A empresa deberá de aportar un informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e a contía do contrato actual, se sinala que é solvente economicamente para afrontalo. Así mesmo, ou alternativamente, poderá aportarse un seguro de indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente á do presente contrato. Dito seguro deberá adaptarse ao modelo precisado no anexo VI do RD 1098/2001 e a súa vixencia deberá de manterse durante, a lo menos, toda a duración do contrato e, así mesmo, durante o prazo de garantía. O incumprimento desta condición será causa de resolución contractual.

Solvencia técnico-profesional:

Deberá acreditarse presentando unha relación de obras executadas no curso dos últimos cinco anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes, certificados expedidos na forma sinalada polo artigo 65.a) da LCSP. Estes certificados, cun mínimo de tres, indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarán si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.

Poderán os licitadores, para xustificar a solvencia técnica, acreditar a execución de obras privadas, aportando as actas de recepción de polo menos tres obras ou ben tres certificados de fin de obra emitidos polo Director das obras. Estes certificados deberán indicar o importe, a data e o lugar de execución das obras e se precisará si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.


Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente de eses medios (art. 52 LCSP). Tamén poderá definirse por referencia ás condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a súa realización (art. 210.2 a) LCSP), no obstante, e de conformidade co establecido neste prego no que á subcontratación se refire, dita subcontratación esixirá comunicación previa á Administración.

SOBRE B) Subtitulado "OFERTA TÉCNICA VALORABLE MATEMÁTICAMENTE" e responderá ao modelo recollido no Anexo II deste prego, recollendo a oferta que propoñan os licitadores naquelas cuestións que sexan valorables de maneira numérica sen precisar xuízos de valor, de acordo cos criterios de selección da oferta máis vantaxosa que se establecen na cláusula 14 e Anexo III deste prego.



Se deberá acompañar a esta oferta unha breve memoria xustificativa e aclaratoria dos datos ofertados:

- 1) **Control de calidade externo** (apartado A do Anexo III do PCAP)
- 2) **Maior prazo de garantía sobre o mínimo previsto no prego** (apartado B do Anexo III do PCAP)
- 3) **Incidencia da obra no fomento do emprego** (apartado C do Anexo III do PCAP):
 - a) Relación dos postos de traballo da obra que prevé realizar con persoal empregado na empresa ou noutras coas que subcontrate parcialmente a execución da obra. Así mesmo se indicará que tipo de contrato de traballo lles une coa empresa licitadora ou subcontratista, no seu caso, categoría profesional e xornada laboral. Se indicará, tamén, as xornadas de traballo que estarán dedicados exclusivamente á obra en cuestión coa categoría profesional de cada un.
 - b) Postos de traballo para os que se vai a contratar novo persoal desempleado para a obra de que se trate. Se especificarán igualmente as xornadas de traballo que estarán dedicados exclusivamente á obra en cuestión, coa categoría profesional de cada un e a modalidade contractual así como o período de duración do contrato, no seu caso.
- 4) **No caso que o licitador pretenda a subcontratación de parte da obra, deberá indicar que parte (capítulos e/ou partidas) do contrato teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, a porcentaxe que supón, o nome ou o perfil empresarial do subcontratista ou subcontratistas. (ver cláusulas 19.1 d) e 30 deste PCAP)**



Este documento non poderá ter unha extensión superior a 15 páxinas por unha soa cara, escritos en letra tipo Arial, Times New Roman ou similar, de tamaño mínimo 12, espazado sinxelo.

Artigo 14.- CRITERIOS PARA TER EN CONTA NA LICITACIÓN E A SÚA VALORACIÓN.

1. Os criterios de valoración, fórmulas e o procedemento de valoración de ofertas para a adxudicación dos contratos no procedemento aberto serán os establecidos no Anexo III do presente PCAP.

2. Cando exista igualdade entre as proposicións, daráselle preferencia na adxudicación a aquelas empresas que acrediten dispoñer no seu cadro de persoal dun maior número de traballadores con discapacidade por encima do dous por cento legalmente establecido como mínimo.

De persistir o empate, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que acredite unha maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade por enriba da porcentaxe sinalada.

Se aínda así se mantivese o empate, realizarase coas empresas afectadas unha poxa en acto público da baixa sobor do prezo de adxudicación ofertado.

Artigo 15.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMALES OU DESPROPORCIONADOS.



1. A consideración das proposicións como desproporcionadas ou anormalmente baixas se realizará de conformidade co disposto no Anexo III deste PCAP.

2. Cando dúas ou máis ofertas sexan inicialmente consideradas desproporcionadas en función da aplicación dos criterios numéricos sinalados no parágrafo anterior, a Mesa de Contratación puntuará igualmente esa oferta, e actuará conforme ao sinalado no artigo 22.1 f) do RD 817/2009, remitíndoa ao órgano de contratación para que, previa á adxudicación provisional realice as actuacións previstas na cláusula 18.2 deste prego.

Artigo 16.- REQUISITOS DAS OFERTAS.

As proposicións deberán axustarse ao previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas e condicións, así como do proxecto e do prego de Prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Cada licitador no poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fan individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á inadmisión de todas as propostas por él subscribitas.

Non se admitirán variantes ou alternativas

Artigo 17.- APERTURA DE SOBRES E MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa estará Presidida polo Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue. Como vogais actuarán o/a Secretario/a Xeral, o/a Interventor/a Xeral, tres concelleiro/a designado/s pola Alcaldía e no seu caso, os técnicos municipais competentes que designe a Alcaldía. Actuará como secretario/a da Mesa un funcionario/a do concello, igualmente designado pola alcaldía.

17.1.- Cualificación da documentación incluída no Sobre "A".

A mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no Sobre A), reuníndose a tal efecto Si a mesa observase defectos materiais na documentación presentada o comunicará mediante Fax aos interesados, e concederá un prazo non superior a TRES DÍAS HÁBILES para que o licitador emende o erro.

17.2.- Apertura do Sobre "B".

A Mesa, unha vez cualificada a documentación do sobre A e emendados, no seu caso, os defectos e omisións da documentación presentada, procederá en acto público á apertura do sobre "B". O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e a causa ou causas de inadmisión destas últimas.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou emenda de defectos ou omisións.



Acto seguido procederá en acto público á apertura dos sobres B no lugar, data e hora que se sinala no perfil do contratante ou no taboleiro de anuncios do Concello, dando a coñecer o contido de cada un. Os interesados poderán solicitar, tras a apertura de tódalas proposicións, as aclaracións ou reservas que estimen convenientes, solicitándose acto seguido por parte da Mesa de Contratación, a evacuación dos informes técnicos que se consideren oportunos, salvo que dispoña de tódolos elementos necesarios para formarse o seu xuízo de valor e valorar directamente as ofertas técnicas presentadas.

En todo o demais, este acto se desenrolará seguindo as formalidades previstas nos artigos 26 e 27 do RD 817/2009, de 8 de maio, e no non previsto por eles, polo artigo 83 do RXLCAP.

A mesa, elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e a proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

Artigo 18.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

1. A adxudicación provisional acordarase polo órgano de Contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

2. O órgano de contratación adxudicará o contrato provisionalmente dentro do prazo de vinte (20) días naturais, contados desde que finalice o prazo de presentación de proposicións, todo elo ad abeiro do sinalado no R.D.-Lei 13/2009.

3. **Adxudicación provisional a contratista con oferta presuntamente desproporcionada:** No caso de que a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación se realice a unha oferta con valores anormais ou desproporcionados de conformidade cos criterios indicados neste prego, órgano de contratación concederá ao contratista afectado un prazo de TRES DÍAS NATURAIS, a contar dende a data de comunicación de tal circunstancia, para que xustifique as razóns que lle permiten executar a obra nas condicións ofertadas. Á vista de dita motivación se emitirá un informe polos técnicos municipais para determinar si a xustificación realizada polo proponente é asumible.

Si o órgano de contratación, á vista dos informes emitidos, considera que a oferta pode ser cumprida, realizará a adxudicación provisional a ese licitador. Si estima que a oferta non pode ser cumprida, acordará a adxudicación provisional a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde en que foran clasificadas conforme á valoración realizada pola comisión de valoración.

Si o contratista no emitise o informe indicado no apartado anterior no prazo establecido, non xustificase no mesmo a súa baixa ou renunciase á súa proposta, incautarase a garantía provisional, e se reclamará en concepto de danos e prexuízos, como mínimo, a diferenza de valor da súa oferta e a que resulte adxudicatario.

Artigo 19.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA.



1. A elevación a definitiva da adxudicación provisional deberá producirse dentro do prazo de **DEZ (10) días hábiles** contados desde o seguinte a aquel en que se publique no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación.

Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá:

a) Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 da L.C.S.P.

c) Alta no I.A.E., todo elo de acordo e nos termos precisados polos artigos 13 e seguintes do R.X.L.C.A.P.

d) Compromiso firme do subcontratista, indicando a parte da obra (capítulos e/ou partidas) que o adxudicatario pretenda subcontratarlle, e que se compromete a executar, sinalando o importe, e a porcentaxe que supón (que debe ser coincidente co indicado na súa oferta polo licitador adxudicatario). Este compromiso irá firmado polo representante legal da subcontrata (véxase cláusula 13. 2 reguladora do contido do sobre "B" así coma a cláusula 30 deste PCAP.

e) ~~Copia dos contratos de traballo e dos TC2 recentes dos traballadores da empresa adxudicataria que se comprometeu na súa oferta á adscribir á obra, e dos do subcontratista ou subcontratistas, aos efectos de controlar o persoal integrado na empresa,~~

De non presentar a documentación no prazo indicado ou resultar da mesma que o contratista non se atopa ao corrente con ditas obrigas, solicitarase a acreditación destes requisitos aos sucesivos licitadores pola orde de prelación das súas respectivas ofertas establecido pola Mesa de Contratación de valoración (art. 135.5 LCSP), concedéndose a estes un prazo de dez días para aportar tal documentación.

No caso de resultar adxudicatarios ofertantes que se comprometeron a constituírse en UTE, deberán aportar neste momento a escritura pública de constitución, así como no NIF outorgado á mesma.

O Concello derivará responsabilidades contra o contratista ou contratistas que por esta causa no permitisen a adxudicación do contrato á súa oferta. Esta indemnización será como mínimo equivalente á diferenza de valor entre a oferta primeiramente elixida e a que finalmente resulte adxudicataria definitivamente.

2. **Declaración de licitación deserta:** Só se poderá declarar deserta a licitación cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego (art. 135.1.2 LCSP).

3. A administración poderá refutar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o



seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

4. Esta adxudicación publicarase no perfil do contratante e, de ser preciso de acordo co sinalado no artigo 138 da L.C.S.P., no BOP.

5. Contra o acordo de adxudicación definitiva poderán os interesados antepoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso administrativo nos termos da lexislación correspondente.

Artigo 20.- RETIRADA OU DESTRUCCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

Unha vez expirado o prazo para recorrer a adxudicación definitiva, toda documentación das ofertas que non resulten adxudicatarias, a excepción do modelo de oferta económica, será devolta aos licitadores que o soliciten, sendo á súa costa os gastos que dita devolución poida supoñer. Transcorridos seis meses dende a adxudicación do contrato sen que se proceda a retirar dita documentación, será destruída polo Concello para o seu posterior reciclado.

Artigo 21.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo por triplicado exemplar, dentro do prazo dos dez (10) días hábiles contado desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público e formando parte do mesmo a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas.

2. O contratista poderá solicitar que o contrato elévese a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

3. Ao documento de formalización do contrato incorporaranse como anexos, sen necesidade de ser firmados por ambas partes, como mínimo, os documentos seguintes:

- Copia do cadro de características particulares do contrato adxudicado.
- Copia do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Copia da folla resumen da oferta técnica e económica do adxudicatario.

Artigo 21.- CONFIDENCIALIDADE.

1. Sen prexuízo das disposicións da L.C.S.P., relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas.

Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2. De igual xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivese dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desta información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.



Artigo 22.- RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECCIÓN DA OBRA E DELEGADO DA OBRA.

1. O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da L.C.S.P.
2. O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixencia necesarias para a correcta execución da obra contratada e todas aquelas funcións que lle atribúe a lexislación vixente. O Director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.
3. O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada.

Artigo 23.- AVISO PREVIO Á AUTORIDADE LABORAL DA APERTURA DO CENTRO DE TRABALLO.

1. No prazo de CINCO (5) DÍAS NATURAIS seguintes á formalización do contrato deberá realizarse o AVISO PREVIO á autoridade laboral da apertura do novo centro de traballo esixido polo artigo 18 do RD 1627/1997, de 24 de outubro.
2. A presentación do documento de aviso previo se encomenda ao contratista, que deberá cumprimentar para isto o modelo que se recolle como Anexo IV de este prego, coa asistencia, no seu caso, do Coordinador de Seguridade e Saúde. Dito documento se entregará previamente ao Concello para recoller a firma do señor Alcalde ou concelleiro en quen delegue, e para ser rexistrado de saída, presentándose polo contratista unha vez que este completamente cumprimentado ante o Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Delegación Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia en A Coruña.
3. Unha copia desta documentación selada pola autoridade laboral deberá entregarse no Concello, expoñéndose o seu orixinal ou copia na obra de forma visible.
4. O documento de aviso previo deberá actualizarse cando se produza algún cambio na dirección da obra, na coordinación de seguridade e saúde, no contratista ou cando se incorporen novos subcontratistas non previstos inicialmente, actualización que deberá realizar igualmente o contratista e que deberá comunicar ao Concello e á autoridade laboral.

Artigo 24.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

No prazo máximo de DEZ DÍAS NATURAIS (10) a contar dende a recepción da notificación da adxudicación definitiva, posto que as obras teñen carácter de urxentes conforme ao RD-Lei 13/2009, o contratista deberá presentar o correspondente Plan de Seguridade e Saúde no traballo, de acordo co establecido no R.D. 1627/1997. Dito Plan será informado polo Técnico director das obras ou coordinador de seguridade e saúde e aprobado polo señor Alcalde, con carácter previo á comprobación do trazado de planta.

Artigo 25.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO E PROGRAMA DE TRABALLOS.

1. Dentro dos QUINCE (15) DIÁS NATURAIS seguintes á formalización do contrato, presentado e aprobado o Plan de Seguridade e Saúde, efectuarase a comprobación do trazado de planta, na data en que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista, a acudir ao mesmo e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da L.C.S.P.



2. O acta deberá expedirse por triplicado, debendo recollerse na mesma os datos que se sinalan no artigo 139 do R.X.L.C.A.P. e producíndose os efectos sinalados no mencionado artigo e no seguinte. En concreto, cando o resultado da comprobación do trazado de planta demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, e sen reserva por parte do contratista, darase a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na Acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezando a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta. Si o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de Comprobación do Trazado de Planta, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 220 da L.C.S.P.

3. Cando no momento de comprobación do trazado de planta, se constate a falta de dispoñibilidade dos terreos, a inviabilidade do proxecto, ou o contratista formule reserva ao acto, quedará suspendida a iniciación das obras, facéndose constar na acta. O órgano de contratación adoptará acordo autorizando o comezo das obras unha vez superadas as causas que motivaron a suspensión, todo isto de acordo co previsto no artigo 139 do RXLCAP.

4. O retraso ou incumprimento na realización da comprobación do trazado de planta será causa de penalización e resolución do contrato de conformidade co previsto no presente prego.

5. As obras poderán iniciarse antes da formalización do contrato, e no prazo máximo de **QUINCE DÍAS HÁBILES** contados dende a notificación da adxudicación definitiva si así o acorda o órgano de contratación, sempre que este enviado o Aviso Previo á Autoridade Laboral, aprobado o Plan de Seguridade e Saúde e firmada a acta de comprobación de trazado de planta das obras.

Artigo 26.- PRAZO EXECUCIÓN DAS OBRAS E PRÓRROGA. APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO.

O prazo máximo de execución das obras será o ofertado polo adxudicatario si na súa oferta incluíu unha redución do previsto no proxecto de obras. Dito prazo se contará a partir do día seguinte ao da acta de comprobación do trazado de planta si non tivese reservas ou, no seu caso, ao seguinte ao da notificación ao contratista da resolución autorizando o inicio das obras..

No prazo máximo de **DEZ DÍAS NATURAIS** dende a formalización de contrato, salvo que xa o tivese presentado na súa oferta, o adxudicatario deberá presentar un programa de traballo que non poderá modificar ningunha das condicións contractuais na que se concreten os prazos parciais de execución das distintas unidades de obras, cos datos esixidos no artigo 144.3 do RXLCAP, que será aprobado polo Director de Obra cando o prazo de execución destas sexa inferior a un ano e polo órgano de contratación, previo informe do Director de Obra, cando a duración da mesma supere ese prazo, adoptando o carácter de documento contractual.

Artigo 27.- COMUNICACIÓN Á AUTORIDADE LABORAL DA APERTURA DO CENTRO DE TRABALLO.

No prazo de **QUINCE DÍAS (15)** naturais a contar dende o comezo das obras, o contratista deberá presentar ante a autoridade laboral para o seu selado, o documento de comunicación da **APERTURA DO CENTRO DE TRABALLO** que supón a nova obra, xunto co Plan de Seguridade e Saúde e a acta de trazado de planta que indica a data de comezo dos traballos. Unha



xustificación do cumprimento destes requisitos deberá presentarse ao Concello xunto coa primeira certificación da obra , e se manterá polo contratista unha copia na obra.

Artigo 28.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

Antes da formalización do contrato o adxudicatario deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil, sendo ao seu cargo ata a recepción das obras e coas condicións mínimas de aseguramento seguintes:

- Límite mínimo asegurado pola póliza: será como mínimo o dobre do orzamento de execución material do proxecto, cun máximo de 3.000.000 €, sen prexuízo da responsabilidade legal que poida ter o contratista, sendo o mínimo por vítima asegurado de 150.000 euros.

- As coberturas, que deben incluír tanto ao contratista principal como aos diferentes subcontratistas que interveñan nas súas obras, deben ser :

- ✓ Responsabilidade Civil da Explotación
- ✓ Responsabilidade Civil Cruzada
- Responsabilidade Civil Patronal
- Responsabilidade Civil por danos a cables e tubarias subterráneas.
- ✓ Fianzas e defensa

O contratista deberá presentar á firma do contrato copia da póliza de seguro conforme aos requisitos mencionados anteriormente e do documento que acredite que a mesma se atopa ao corrente de pago e por conseguinte en vigor. Se entenderá que a presentación do recibo orixinal de anualidade en curso presupón o pago da prima correspondente.

Na recepción da obra deberá acreditar que a póliza ten vixencia durante o prazo de garantía das obras e que a prima correspondente á mesma se atopa totalmente satisfeita.

En todo caso, a cobertura de dita póliza non determina o límite da responsabilidade que ten que asumir o contratista, senón que esta alcanza tódolos danos e prexuízos nos que se cifre dita responsabilidade.

Artigo 29.- CARTEIS E SINAIS.

1. Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar a súa costa un cartel coas características e formato que se sinala na *Resolución de 20 de xaneiro de 2010 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se publica o modelo e as condicións técnicas do cartel anunciador que debe instalarse nas obras financiadas con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade local (BOE núm. 19 de 22/01/2010)*. Dito cartel deberá manterse na obra ata que se produza a recepción pola administración, sendo responsable o contratista durante dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.



2. Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

Artigo 30.- NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO.

1. O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social. O contratista tamén asumirá a obriga de dar o aviso de comezo das obras ao que se refire o artigo 18 do R.D. 1627/1997 á autoridade laboral competente, así como ao cumprimento dos restantes deberes en relación con esta sinalados pola normativa aplicable. Este aviso previo redactarase conforme ao disposto no anexo III do mencionado R.D. e deberá expoñerse na obra de forma visible, actualizándose si fose necesario.

2. Expresamente precisase que non xurdirá relación contractual ningunha entre o Concello e o persoal ao servizo da empresa a consecuencia da execución do contrato por esta. Neste sentido, e co fin de evitar as responsabilidades ás que se refire o artigo 42 do Estatuto dos Traballadores (aprobado por R.D. Lex. 1/1995) en caso de subcontratación da obra, deberá de dar cumprimento ás seguintes obrigas:

A. Subcontratación:

Calquera tipo de subcontrata que conclúa o contratista principal deberá ser comunicada ao Concello, indicando as partes do contrato a realizar polo subcontratista e dos datos de personalidade, capacidade e solvencia dos subcontratistas, sen que sexa posible a subcontratación con persoas ou empresas inhabilitadas para contratar coa Administración nin carentes da capacidade, solvencia e habilitación profesional precisa para executar as prestacións concretas que se subcontratan, debendo acreditar no Sobre " B " a debida inscripción no REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS previsto no artigo 3 do RD 1109/2007, que desenrola a Lei 30/2006 de Subcontratación no Sector da Construción e que no ámbito da Comunidade Autónoma Galega se crea e regula pola Orde 15/05/2008 da Consellería de Tráballo (DOG. Número 98 de 22/05/2008).

Non poderá subcontratarse máis do 50% do importe de adxudicación, sen que se teña en conta para o cálculo de dita porcentaxe os subcontratos realizados con empresas vinculadas ao contratista principal, interpretando a vinculación segundo se define no artigo 42 do Código de Comercio.

O adxudicatario deberá dispoñer na obra a disposición do Concello, do Director da obra e do Coordinador de seguridade e Saúde, o Libro de Subcontratación a que se refire o artigo 8 da Lei 32/2006 de 18 de outubro, debendo cumprir os requisitos que a tal fin se indican na citada norma e no R.D. 1109/2007 de 24 de agosto, que desenrola a citada lei, debéndose cumprir ademais, tanto polo adxudicatario como polo subcontratista, todas as obrigas derivadas da aplicación de ditas normas.

Incumprimento das obrigacións en materia de subcontratación:

O incumprimento destas condicións en materia de subcontratación será considerado incumprimento contractual grave, e conleva, ademais da penalización que máis adiante se indica



nesta cláusula, unha indemnización por danos e prexuízos equivalente á sanción que no seu caso puidera serlle imposta a este Concello pola Administración Tributaria e/ou Social.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.

Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

B. Deberá darlle ao Concello comunicación de todos os convenios colectivos que poida concluír a propia empresa contratista, ou a subcontratista, así como as modificacións dos de ámbito superior que lles afecten. O prazo para elo será de 15 días tras a súa conclusión.

C. Daráselle ao Concello con carácter mensual certificación oficial de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, así como declaración xurada do representante da empresa de atoparse ao día no pago das retribucións devengadas polo persoal ao seu servizo. Esta obriga tamén alcanza ás empresas subcontratistas.

D. O incumprimento reiterado destas obrigas poderá dar lugar á resolución do contrato. A falta de cumprimento puntual ou parcial poderá dar lugar á imposición das penalidades por demora previstas para a falta de execución en prazo do contrato, calculadas en atención ao tempo de demora nas comunicacións sinaladas.

3. O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

4. De ser o caso, e de conformidade co artigo 12 do Decreto 105/2006, de 22 de xuño, da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, a utilización, nas épocas de alto risco de incendios, nos montes e nas áreas rurais situadas nunha faixa de 400 metros arredor de aqueles, de maquinaria non forestal nin agrícola con ferramentas que poidan producir chispas ou soldaduras de calquera tipo, precisará autorización expresa da Comunidade Autónoma, autorización que deberá ser instada polo contratista de acordo co sinalado no precepto referido. Así mesmo, observaranse as condicións específicas previstas polo artigo 39 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia.

5- De ter a condición de traballador autónomo deberá de dar cumprimento ao previsto na Lei 20/2007, de 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo.

Artigo 31.- DEREITOS DO CONTRATISTA.

1. Terá os seguintes:



Ao abono da obra que realmente execute con suxeición ás cláusulas do presente Prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade, no seu caso. Á posta á súa disposición, pola Administración, dos terreos necesarios para a execución das obras, así como cantos permisos e autorizacións sexan necesarios e sexan da súa competencia.

Á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pago fose superior aos catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, aos efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de dita suspensión, nos termos establecidos na L.C.S.P.

A resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia delo se lle orixinen, si a demora da Administración fose superior aos oito meses.

A transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 201 da L.C.S.P.

Artigo 32.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

1. O contrato executarase a risco e ventura do contratista. Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é responsable da execución da obra contratada e das faltas que nela houberse, sen que, en principio, sexa eximente nin lle de dereito ningunha circunstancia de que o Técnico Director teña examinado ou recoñecido as partes e unidades ou materiais empregados, nin que teñan sido incluídas en certificacións parciais.

2. Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que teña expirado o prazo de garantía da obra. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración Contratante os a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras. A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

3. O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convenido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

4. O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, pérdidas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Artigo 33.- CERTIFICACIÓNS E XUSTIFICACIÓN DA INVERSIÓN.

1. O Director de obra expedirá mensualmente unha certificación das obras realizadas no mes anterior sobre a base das relacións valoradas realizadas e tramitadas de acordo co establecido nos artigos 147 a 149 do RXLCAP.

Estas certificacións mensuais deberán vir acompañadas dunha declaración xurada do contratista sobor dos traballadores empregados na execución da obra, directamente ou a través de subcontratas, indicando o nome e apelidos dos mesmos así como o tipo de contrato laboral, declaración que deberá levar o visto bo do Director da Obra.



2. Coa factura que acompañe á última certificación e á acta de recepción, o Director da obra deberá entregar unha declaración xurada do contratista, sobor dos traballadores empregados na execución da obra, directamente ou a través de subcontratas, indicando o número de novos traballadores contratados (Homes) e o número de novos traballadores contratados (mulleres), nome, apelidos, DNI (ou número de identificación de estranxeiros) de cada un deles, tipo de contrato laboral (senalando, no seu caso, as datas de inicio e finalización), a súa categoría profesional e as xornadas de traballo que estivo empregado na obras de que se trate. Esta declaración deberá levar o visto bo do Director da obra e do coordinador de seguridade e saúde na obra. Se deberá tamén aportar copia dos contratos de traballo dos traballadores da empresa e dos novos contratos laborais que se tiveran realizado, si así se comprometeu na súa oferta, para a citada obra, e documentos TC2 dos mesmos.

3. Calquera outra documentación requirida polo Concello aos efectos de comprobar o cumprimento da oferta seleccionada, deberá ser aportada polo contratista no prazo que a tal efecto outorgue o Concello mediante Fax dirixido ao mesmo, e que comezará a contar dende o mesmo día da súa recepción.

34 - RÉXIME DE PAGAMENTOS.

1. O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se aboaran de conformidade co establecido nos artigos 200 e 215 da L.C.S.P. e 147 e seguintes do R.X.L.C.A.P.

2. De conformidade co disposto no artigo 17.5 Real Decreto-Lei 13/2006, de 26 de outubro, os concellos terán a obriga de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro do prazo máximo de **TRINTA DÍAS NATURAIS** contados dende a data de presentación no Rexistro Municipal por parte do contratista das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

Este prazo se interromperá cando se reclame ao contratista a emenda de algunha deficiencia no cumprimento das súas obrigas contractuais ou legais ou se lle requira modificar a factura ou algún outro dos documentos presentados para o cobro e/ou acreditación do cumprimento das súas obrigas, reanudándose de novo unha vez emendadas ditas deficiencias.

3. O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da Dirección das obras, existisen razóns para estimalo inconveniente. Sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. As certificacións así expedidas só devengarán intereses por demora desde a data sinalada no artigo 152 do R.X.L.C.A.P.

4. O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 200.3 da L.C.S.P. e 155 e 156 do Regulamento. En todo caso, esixirase a constitución de garantía en forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

Artigo 35. - CONDICIÓN ESPECIAIS PARA A EXECUCIÓN.

1. De conformidade co establecido no artigo 17.2 e a DA 1ª do RD Lei 13/2009, ao amparo da facultade prevista no artigo 102 da LCSP, en todos os contratos subscritos ao amparo do presente prego para obras financiadas con cargo ao FEESL se impón como condición especial de execución (art. 206 LCSP) que o novo persoal que o contratista



necesite empregar para a execución das obras se atope en situación legal de desemprego prioritariamente en situación de desemprego de longa duración, conforme ao establecido no artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social. A estes efectos, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados e os realizados ou por realizar con traballadores autónomos que tiveran cesado na súa actividade e que estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

A tales efectos transcríbese a Disposición Adicional 1ª del RD Lei 13/2009:

"Disposición adicional primera. Contratación de traballadores.

1. A efectos de lo previsto en el presente real decreto-ley, sólo se computarán los contratos realizados o por realizar con los traballadores desempleados inscritos en los Servizos Públicos de Empleo correspondientes como demandantes de empleo no ocupados.

También se computarán los contratos realizados o por realizar con traballadores autónomos que hayan cesado en su actividade y que estén inscritos en los Servizos Públicos de Empleo correspondientes, como demandantes de empleo no ocupados.

2. A efectos de lo previsto en este real decreto-ley, se entiende por persoas desempleadas de longa duración las que estuxeran inscritas en los Servizos Públicos de Empleo correspondientes como demandantes de empleo al menos 12 meses antes de la fecha de contratación.

3. La contratación de persoas desempleadas a que se refiere el presente real decreto-ley deberá hacerse a través de los Servizos Públicos de Empleo correspondientes".

2. Os incumprimentos destas condicións especiais de execución por parte do contratista serán considerados faltas graves e moi graves nos termos e coas consecuencias establecidas nas cláusulas seguintes deste prego.

Artigo 36.- PENALIDADES.

1. Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será do un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da L.C.S.P.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

b) **Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades polo cumprimento defectuoso nos seguintes termos:



- Si, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) **Por incumprir criterios de adxudicación.** Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Si, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se apreciase que, por causas imputables ao contratista, se teñen incumplido algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a empregar na execución do contrato.

Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultara que a súa oferta non tivese sido a máis valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) **Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, tivese incorrido en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da L.C.S.P. en canto á imposición destas penalidades, sen prexuízo do establecido no artigo 14 b) deste Prego.

Artigo 37.- INDEMNIZACIÓNS POR INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS.

1. Indemnizacións. A imposición de penalizacións será independente da obriga do concesionario da indemnización tanto ao Concello como a terceiros dos danos e prexuízos que as infraccións que os motivan tiveran causado, e do non abono por parte do concello dos traballos finalmente non executados.

No caso de incumprimento de prazos, ademais das penalizacións establecidas no apartado anterior, se poderá esixir ao contratista a indemnización ao Concello polos danos e prexuízos que ocasionara a demora. Esta indemnización se considera pactada previamente de acordo cos seguintes criterios obxectivos:

- Cando se incumpra o prazo total de execución en máis dun 25%, a indemnización alcanzará o 5% do prezo de adxudicación do contrato.

- Cando se incumpra o prazo total de execución en máis dun 25%, a indemnización será do 10% do prezo de adxudicación do contrato.

- Cando o incumprimento do prazo de execución impida ao Concello xustificar a inversión ante o MPT e non reciba o financiamento da obra do Fondo estatal e se tivera que reintegrar



anticipadamente, ademais das indemnizacións anteriores, deberá indemnizar ao Concello co importe total dos cartos deixados de percibir polo Goberno de España.

A constitución en mora do contratista, non precisará intimación previa por parte da Administración.

2. Procedemento de imposición de penalidades.

Para a imposición de penalidades se instruirá un expediente sumario no que se concederá ao contratista un prazo de audiencia de cinco días naturais para que formule as alegacións que estime oportunas, e se resolverá con carácter executivo polo Sr Alcalde ou concelleiro no que delegue, salvo cando a sanción que se propoña sexa a resolución do contrato, en cuxo caso, corresponderá a súa imposición sempre ao órgano de contratación e se estará ao disposto no RXLCAP.

As penalidades impostas serán inmediatamente executivas e se farán efectivas mediante a dedución dos pagos correspondentes que o Concello deba abonar ao contratista. Se non existisen cantidades pendentes de pago, se poderán facer efectivas con execución da garantía definitiva, e se esta non alcanzase ao montante da sanción, se poderá reclamar pola vía administrativa de constrinximento.

3. Prescrición das infraccións.

As infraccións das obrigas contractuais cometidas polo adxudicatario prescribirán no prazo de 24 meses contados a partir da data na que o Concello teña coñecemento da infracción cometida.

Artigo 38.- RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN DAS OBRAS.

1. Para a recepción e liquidación das obras estarase ao disposto nos artigos. 205 e 218 da L.C.S.P. e 163 e seguintes do R.X.L.C.A.P.

2. Efectuada a recepción formal das obras, comezará a contar o *prazo de garantía* que terá unha duración de un (1) ano, salvo que o contratista ofertase un prazo maior. Durante o prazo de garantía o contratista farase cargo da conservación e policía das obras, de acordo coas instrucións, que en caso de ser necesario, dise o director das obras, de conformidade co establecido no artigo 167 do R.X.L.C.A.P.

3. Transcorrido o prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto este sen culpa do contratista, ditarase acordo de devolución da garantía ou cancelación do aval. Non obstante, o contratista responderá, durante os quince anos seguintes á data da recepción das obras, dos danos e prexuízos ocasionados por ruína destas, motivada por vicios ocultos na construción, debido ao incumprimento do contrato.

Artigo 39.- MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS.

1. Procederán exclusivamente nos casos previstos pola lexislación contractual, e tramitándose segundo esta, artigos 202 e 217 da L.C.S.P. e concordantes do R.X.L.C.A.P.

Tamén caberá si se dan as circunstancias sinaladas no artigo 6.2 da *Resolución de 9 de decembro de 2008 de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.*

Artigo 40.- SUBCONTRATACIÓNS.



1. Sen prexuízo do necesario cumprimento do establecido neste prego, así como na Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e na súa normativa de desenvolvemento (RD 1109/2007, de 24 de agosto), os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lles encomendase no prazo máximo de trinta (30) días naturais, computado desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Artigo 41.- CESIÓN DO CONTRATO.

1. Procederá de conformidade co establecido no artigo 209 da L.C.S.P. O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do referido prazo dará lugar á resolución del contrato.

Artigo 42.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

1. Serán as previstas nos artigos 206 e 220 do L.C.S.P., cos efectos previstos nos artigos 208 e 222 da mesma.

2. A demora na súa execución que poida supoñer a perda de subvencións ou axudas outorgadas a este fin, de ser o caso, será causa de resolución expresa, independentemente das indemnizacións polos danos e prexuízos que se puidesen derivar.

3. Así mesmo, consideraranse como causas expresas de resolución do contrato:

- Calquera descuberto por parte da empresa principal ou subcontratista no pagamento á Seguridade Social das cotas procedentes dos traballadores afectos ao servizo contratado, cando este descuberto se estenda máis de un mes.

- O incumprimento, por parte da empresa principal ou subcontratista, das súas obrigas salariais que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento se demore máis dun mes.

- O incumprimento reiterado das obrigas sinaladas no artigo 26 destes pregos.

- A realización de actuacións unilaterais e sen consentimento por parte do Concello que poidan supoñer un grave prexuízo ao obxecto do contrato.

- A negativa a facilitar a supervisión polo Concello do estado dos traballos, dos locais e medios adscritos e do persoal correspondente, así como non facilitar a información requirida ao respecto ou facelo cunha demora superior aos 10 días.

- O incumprimento do deber de sigilo que se menciona nestes pregos.

-As demais que se mencionen expresamente en estes pregos.

Artigo 43.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

1. A Administración municipal terá a facultade de interpretar os contratos e resolver as dúbidas que poidan plantexarse no seu cumprimento, modificar o mesmo por razóns de interese público e acordar a súa resolución de conformidade co establecido no artigo 194 da L.C.S.P. e demais preceptos de aplicación.



2. Os acordos que dite o órgano de contratación, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

Artigo 44. NATUREZA DO CONTRATO, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente contrato ten natureza administrativa, polo que en todo o que non estea previsto nos presentes pregos de cláusulas administrativas particulares, estarase ao disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas; Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia; e demais normas de Dereito Administrativo que sexan de aplicación á contratación local. No seu defecto acudirase ás normas do Dereito privado. O contratista sometese expresamente á antedita lexislación.

2. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polo órgano de contratación; estas resolución esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, segundo o previsto na Lei 29/1998, reguladora de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en relación co artigo 52 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.


3. A todos os efectos, incluídos os procesuais, entenderase que o lugar de celebración do contrato é a o concello de Camariñas.

4. O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Camariñas é a Xunta de Goberno Local en virtude da distribución de competencias dos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e da resolución da alcaldía polas que se delegou de competencias no citado órgano.

En Camariñas, a 18 de marzo de 2010
SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

DILEXENCIA.- Esténdoa eu, a Secretaria do Concello de Camariñas, para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares cos seus respectivos anexos, composto de 28 páxinas, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 22/03/2010.

Camariñas, a 22 de marzo de 2010



Asdo.: Mónica Pichel García



ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0. REGULACIÓN HARMONIZADA	a) Contrato non suxeito a regulación harmonizada <input checked="" type="checkbox"/>			
	b) Contrato suxeito a regulación harmonizada <input type="checkbox"/>			
1. PROXECTO	"ACOMETIDAS DOMICILIARIAS NA REDE XERAL DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE Á PARROQUIA DE PONTE DO PORTO"			
1. bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-1996)	FA45.23.12		
	B. Vocábulo común de contratos			
2. ORZAMENTO	A) Obras anuais	349.433,96 € (IVE INCLUÍDO)		
	B) Obras plurianuais			
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	441.1003.623 (161.1003.629)			
4. PREVISIÓN DE MAN DE OBRA A EMPREGAR	8 TRABALLADORES, SEGUNDO AUTOR DO PROXECTO			
5. PRAZO DE EXECUCIÓN	6 MESES			
6. CLASIFICACIÓN	NON SE ESIXE			
7. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	A. FORMA E MEDIO			
	a) publicación de licitación en BOP	<input checked="" type="checkbox"/>		
	b) en perfil de contratante	<input checked="" type="checkbox"/>		
	c) en prensa	<input type="checkbox"/>		
	d) consulta ao menos a tres empresas	<input type="checkbox"/>		
	B. LUGAR DE PRESENTACIÓN			
	NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE CAMARIÑAS E NOS TERMOS DO ART. 38.4 DA LEI 30/92, DO 26 DE NOVEMBRO.			
8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	NO PRAZO DE TRECE DÍAS NATURAIS, CONTÁNDOSE A PARTIR DO PRIMEIRO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DO DERRADEIRO ANUNCIO DE LICITACIÓN (BOP OU PERFIL DO CONTRATANTE)			
9. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Enderezo páxina web: www.camarinas.net			
	8.2 Publicación de adjudicación provisional (indicar a opción indicada):			
	a) en BOP	<input type="checkbox"/>		
	b) en perfil de contratante	<input checked="" type="checkbox"/>		
10. GARANTÍAS	PROVISIONAL: 3% DO ORZAMENTO DE LICITACIÓN, EXCLUÍDO O IVE DEFINITIVA: 5% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, EXCLUÍDO IVE			
11. TAXAS DO CONTRATO	TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS			
12. REVISIÓN DE PREZOS	NON PROCEDE A REVISIÓN DE PREZOS DE CONFORMIDADE COA CLÁUSULA 4ª DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A PREPARACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO			
13. CONTROL DE CALIDADE	SI, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A PREPARACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO			
14. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	A. DIARIOS OFICIAIS	SI	TARIFA ORDINARIA/URXENTE	ORDINARIA
			BOP	SI
			DOG	NON
			BOE	NON
	B. PRENSA	NON	DIARIO ONDE SE PUBLICA	
			Nº DE MÓDULOS	
			DÍA DE PUBLICACIÓN	

OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN TELÉFONO: TELF: 981 736000/FAX: 981 736319

LUGAR ONDE DE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO: SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS



ANEXO II. - MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA VALORABLE MATEMÁTICAMENTE

O abaixo asinante D. _____, maior de idade, con D.N.I. núm. _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____, en nome propio (ou en representación de _____, con C.I.F da Empresa _____), tendo coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Camariñas en data de _____, solicita tomar parte na licitación para a execución das obras de "_____" (identificación da obra de que se trate).

E FAI CONSTAR:

Primeiro. - Que coñece e acepta plenamente o cadro de características particulares do contrato (CCP), todas as cláusulas do prego de cláusulas administrativas e todas as demais obrigas que se deriven que se deriven dos restantes documentos contractuais, si resulta adxudicatario do contrato, incluído o cumprimento das obrigas sociais, laborais e fiscais a que se refire a que se refire o presente prego.

Segundo. - Que se compromete a realizar a obra citada de conformidade co Proxecto técnico de obras e os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados polo Concello para a mesma, nas seguintes condicións básicas:

1.- Prezo total: (en letra e cifras): (lémbrese que este criterio non se valora)

Importe sen IVE:

IVE correspondente: Tipo ...%

Importe total:

2.- Porcentaxe para control de calidade externo da mesma: ____ % do importe da obra (IVA excluído).

3.- Ampliación do prazo de garantía:

1	Prazo de garantía segundo prego	Meses
2	Ampliación de prazo que se oferta	Meses
3	Prazo total de garantía ofertado	Meses

4.- Traballadores directamente empregados na execución da obra:

compromiso de xornadas de traballo para a obra poderá especificarse no seguinte cadro:

(1) Categoría profesional	(2) Relación contractual	(3) Núm. de traballadores	(4) Días de traballo en la obra	(5) Total xornadas
Total				

(2) Relación contractual: Contrato vixente coa empresa (EE) ou subcontrata (ES) ou desempleado (DS)

(5): O total para cada tipo de traballador se obterá multiplicando (3)x(4)

Todo isto de acordo coa memoria que se adxunta e que consta de _____ folios.

Lugar, data e sinatura (lexible).

(selo da empresa, no seu caso)



ANEXO III: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E FÓRMULAS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

1.- Por remisión da cláusula 14 do Prego, os criterios de valoración son os seguintes:

- A) Control de calidade externo da obra: de 0 a 10 puntos.
- B) Ampliación do prazo de garantía: de 0 a 10 puntos.
- C) Incidencia da obra no fomento do emprego: de 0 a 30 puntos.

2.- Procedemento de valoración dos criterios:

A) Control de calidade externo (no sobre C) de 0 a 10 puntos: Valorarase a maior cantidade económica que, dentro do prezo de contrato ofertado, o contratista ofrece para que se realice un control de calidade externo contratado polo Concello dos traballos que executa. Esta oferta deberá realizarse na porcentaxe sobre o prezo de licitación, IVE excluído, por encima do 1% que con carácter obrigatorio se establece neste prego. A máxima puntuación se atribuirá á oferta que máis porcentaxe ofrezca a este fin, y ao resto de ofertas a puntuación que proporcionalmente lle corresponda por regra de tres simple directa.

Non se admitirán ofertas que ofrezan unha porcentaxe para realizar o control de calidade externo superior a un 3% del prezo de licitación, IVA excluído.

B) Ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo previsto no prego (no sobre C) de 0 a 10 puntos:

Corresponderá a máxima puntuación ao maior prazo de garantía ofertado, distribuíndose a puntuación ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa.

C) Incidencia dea obra no fomento do emprego: (no sobre C) de 0 a 30 puntos.

Atribuirase a máxima puntuación á oferta que comprometa a contratación do maior número de xornadas de traballo de empregados na execución da obra de que se trate. A efectos de determinar o número de xornadas multiplicarase o número de traballadores polo número de días de traballo na obra.

Outorgaranse 30 puntos ás ofertas que igualem á media das mesmas e 0 puntos ás ofertas que superen ou igualem o dobre da media ou que sexan iguais ou inferiores á metade da media. O resto das ofertas se valorarán proporcionalmente segundo a fórmula:

$$Puntuación\ de\ la\ oferta = \begin{cases} \frac{60 \times Oferta}{Oferta\ Media} - 30 & \text{si } Oferta \leq Oferta\ Media \\ 90 - \frac{60 \times Oferta}{Oferta\ Media} & \text{si } Oferta > Oferta\ Media \end{cases}$$

Se considerarán desproporcionadas as ofertas que superen o igualem o dobre da media.

De conformidade co RD Lei 13/2009, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego (Servizo Galego de Colocación en Galicia) correspondentes como demandantes de emprego non ocupados.

Tamén se computarán os contratos realizados ou por realizar con traballadores autónomos que tiveran cesado na súa actividade e que estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados.



A efectos do previsto no RD Lei 13/2009, se entende por persoas desempregadas de longa duración as que estiveran inscritas os Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego alomenos 12 meses antes da data de contratación.

A contratación de persoas desempregadas a que se refire dito RD Lei 13/2009 deberá facerse a través dos Servizos s Públicos de Emprego correspondentes.

Se verificará a efectiva posta a disposición da obra da totalidade dos desempregados (sexan propios da empresa, procedan de desemprego ou subcontratas), unha vez iniciada a obra, mediante a achega dos contratos de traballo e dos TC2 no seu momento e mediante as comprobacións materiais que poidan realizar tanto a Dirección de obra como o responsable municipal de cada contrato.


Se deberá especificar tamén a realización destas novas contratacións por parte dos subcontratistas aos que, no seu caso, se prevea encomendar a execución de determinadas unidades de obra; neste caso será necesario que acompañe á oferta o compromiso firmado polo subcontratista proposto. O incumprimento por parte do subcontratista deste compromiso será imputable ao adxudicatario do contrato co Concello. Este documento non exime ao contratista principal de cumprir o establecido neste prego respecto á subcontratación.

O compromiso de xornadas de traballo para a obra poderá especificarse no seguinte cadro:

(1) Categoría profesional	(2) Relación contractual	(3) Núm. de traballadores	(4) Días de traballo na obra	(5) Total xornadas
Total				

(2) Relación contractual: Contrato vixente coa empresa (EE) ou subcontrata (ES) ou desempregado (DS)

(5): O total para cada tipo de traballador obterase multiplicando (3)x(4)





CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO IV.- AVISO PREVIO Á AUTORIDADE LABORAL DO INICIO DAS OBRAS.

En cumprimento co disposto no artigo 18 do REAL DECRETO 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, mediante o presente escrito se comunica que con data _____ se formalizou o correspondente contrato de la obra que a continuación se describe, polo que procedemos a dar o aviso previo de inicio de ditas obras.

1	DENOMINACIÓN DA OBRA	
2	DATA	
3	DIRECCIÓN DA OBRA	
4	PROMOTOR (nome e dirección)	
5	TIPO DE OBRA	
6	PROXECTISTA (nome e dirección)	
7	COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE LA ELABORACIÓN DO PROXECTO (Nome e dirección)	
8	COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA ((Nome e dirección)	
9	DATA PREVISTA PARA O COMEZO DAS OBRAS	
10	DURACIÓN PREVISTA DAS OBRAS	
11	NÚMERO MÁXIMO ESTIMADO DE TRABALLADORES NA OBRA	
12	NÚMERO PREVISTO DE CONTRATISTAS, SUBCONTRATISTAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS NA OBRA	
13	DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CONTRATISTA, SUBCONTRATISTAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS	

En a de de

O ALCALDE

Asdo.:

